

A coruñesa Dores Tembrás –Bergondo, 1979– vén de presentar na editorial Espiral Maior “O pouso do fume”, o seu primeiro poemario

# Os aneis de cinza de Dores Tembrás

**Un conxunto persoal e inzado de grandes referencias**



**LIBROS**


ARMANDO  
REQUEIXO

“Afumadas/ as últimas gotas de aceite/ fixéronnos así/ inexactas/ de flanela e la/ de mimosas e candeadas de plumas/ pero/ que reconten os grilos dos nosos petos/ os furados dos nosos pantis/ as chaquetas xémeas/ as botas enlamadas/ saberán/ que a pé de lume nos criaron/ tatuado nos ollos/ levamos o pouso”. Alguén que é capaz de escribir un poema así non debería pasar desapercibido. Que quen o asine sexa, amais, unha autora novel que se estrea con composicións coma esta é, sen dúbida, dobremente extraordinaria.

“O pouso do fume” é o volume no que poden acharse os versos precedentes e moitos outros de impecable factura. Poemas que deitan unha melancólica ollada á infancia ida, aneis de cinza dun tempo de lacenas gastas e limoeiros de citróns secos, de amarotes dos camíños e bobinas de fío infinito, lavandeiras de río a esfregar decote e papaventos e mais xoaniñas, daquel nadal dos cinco anos con anxos de papel dourado e invernías de corazón mancado, xeografías sentimentais habitadas por mestres no ritmo da gharlopa, xenealoxia de esfolladoras e debulladoras.

**Tempo de nenez** > A tribo do rus, unha estirpe matriarcal da que voz lírica se declara herdeira que debuxa o territorio preciso da súa épica: as terras bergondiñas todas, chámense Toca ou Burrieros, sempre entre mares interiores do Encoro de Cecebre e a Ría de Sada.

Ese tempo da nenez que endexemais ha marchar definitivamente porque viaxa na nosa memoria e nos configura, ese espazo das xeiras e andainas primeiras nas que aprendemos a ser pobo son vistos por Tembrás como cicatrizes do ser balorecido que cónforme revivir na acordanza para cauterizar un presente de palabras que tenta ser unha cartografía salvífica. Vela a razón de ser da estrutura tripartita do poemario: “Oxidación”, “Combustión” e “Pouso”, coma se dun esconxuro procesual, unha sorte de salmodia



Capa do poemario de Tembrás

## PROMETEDORA

“Dores Tembrás, voz que emerxe para nos lembrar que, lonxe dos urros dos apocalípticos, as nosas letras teñen futuro”

ou ladaña fosen todos e cada un dos cantos deste libro, tan próximo por diferentes motivos ao lóstrego entre brétemas dos versos de Eva Veiga, á nudez descarnada de Lupe Gómez, ao telurismo fundacional de Olga Novo, ás presenzas patriciais de Olalla Cociña e, sobre todo, á poética avesía e esgazadora de Alejandra Pizarnik, a quen Tembrás homenaxeá máis dunha vez.

**Organicidade** > Non estou abondo convencido da necesidade de

incorporar ao conxunto os cinco poemas finais (apenas luzadas do anecdotico –“Marabillas nº4...”–, apuntamentos sociais –“Ti soubeches ocultar...”–, parahaikus –“Amor...”–, brevísimas epifanías –“Despois de todo...”– ou colofóns líricos –“Pasou febreiro...”–), que más semellan unha peaxe extensional ou engadido puramente sumativo que unha agregación in cardinada nun conxunto que, polo demais, amosa unha organicidade integral realmente lograda. Mais estas miudallas de prurito lector se cadra nin sequera deberían de se considerar á vista da más que prometedora primeira apostila deste “O pouso do fume” de Dores Tembrás, voz que emerxe para nos lembrar que, lonxe dos urros dos apocalípticos, as nosas letras teñen o futuro máis que asegurado na mestría da verba que despregan autoras como a presente.

## res literaria

### Itinerarios creativos por la Barcelona criminal

■ “Matar en Barcelona” es un proyecto editorial interesante y original que ha salido de la cabeza de Ana S. Pareja y Jordi Corominas i Julián y que tiene sus precedentes en “Odio Barcelona” que publicó el año pasado la editorial Melusina. En este caso, los impulsores han ofrecido a doce autores, algunos conocidos y otros simplemente debutantes en el mundo de la literatura, como el compositor de Sr. Chinarro, Antonio Luque, un menú jugoso pero complicado de digerir: recrear en un relato de ficción algún crimen sonado que haya tenido lugar en la capital catalana a través de informaciones publicadas en los medios de comunicación y otros materiales, para fundamentar la construcción de sus respectivas historias prescindiendo, en la medida de lo posible, de detalles insignificantes para la tarea como nombres y

**Matar en Barcelona**  
VV.AA.  
Alpha Decay / 19 euros

demás, pues no hay que olvidar que muchos de los episodios que aquí se narran han ocurrido hace poco tiempo. Así, a través de los textos de Javier Calvo, Francesc Serés, Manuel Vilas, Gabriela Wuiner, Sebastià Jovani o el genial compositor de los míticos Loquillo y los Trogloditas, Sabino Méndez, tejen, con condiciones, sus propias versiones libres y dejan, de paso, para la posteridad algunas joyas del relato corto.




## res literaria

### Relato sobrenatural para enfrentarse a los miedos

■ Vuelve a apostar La Factoría de Ideas por uno de sus autores de cabecera, Graham Joyce, que posee el mérito de ser el único escritor galardonado en cuatro ocasiones en los premios British Fantasy. En este caso, la editorial madrileña presenta “Amigos nocturnos”, un novela ambientada, como es ya típico en Joyce, en Coventry y protagonizada por un joven, Sam Southall y su pandilla de amigos, que hacen lo que suele hacer todo grupo de adolescentes a esa edad. Toda la holgazanería y la actividad lindante con la delincuencia y el vandalismo pronto acabarán por transformarse en una carrera recorrida por una atmósfera violenta que envuelve a su protagonista y a todo lo que le rodea. El detonante, la repentina aparición de una duende que se presenta una noche en casa de Southall, la única persona que, ade-

más, puede verla. El ser sobrenatural ejercerá sobre el chico una presión brutal en un momento clave de su vida, el paso ya de por sí traumático, de la niñez a la adolescencia; ella se reirá de sus miedos y lo enfrentará a sus limitaciones y al abismo de su carácter, planteándole una encrucijada que no tendrá una salida fácil, ni mucho menos.



**Amigos nocturnos**  
Graham Joyce  
Traducción de David Cruz  
La Factoría de Ideas / 20,95